



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO CONCELLO PLENO DO 17.12.2015

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), cando son as 09.13 h do 17.12.2015, baixo a presidencia do alcalde Juventino José Trigo Rey, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de realizar a sesión extraordinaria urxente convocada para hoxe.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Gumersindo Pedro Galego Feal, Rocío Aurora Bértoa Puente, Juan José Franco Casal, Juana Barro Couto, José Andrés Serantes Panceiras, Alejandro Jorge Gutiérrez Sánchez, Ana María Novo Picos, Alejandra Permuy Meizoso, Justo Martínez Ardá, María Manuela Aguilar Prieto, Antón Lois Noceda Carballo, Joaquín Julián Ayala Garrido, Amalia García Balado, César Daniel Castro García e María del Carmen Martínez Rodríguez

Non asiste:

Xoán Manuel Rodríguez Bastida

Secretaria:

Estefanía Manteiga Lamas

Interventora:

Marta Roca Naveira

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Pronunciamento do Pleno sobre a urxencia da sesión

Sometida a urxencia a votación é ratificada pola unanimidade dos concelleiros.

2. Aprobación, se procede, do expediente PAS 2015 da Deputación Provincial da Coruña

Consta no expediente a seguinte Proposta da alcaldía do 14.12.2015, que copiada di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Logo de ver o expediente tramitado para a solicitude da subvención relativo ao Plan de Acción Social (PAS 2015), no que consta entre outra documentación:

1 Proxecto de obra “Renovación de servizos e pavimentos na Avda. das Pías (Estrada FE-14) Fase 2 (marxe dereita)” asinado polo enxeñeiro Miguel Nieto Matamoros de novembro de 2015 (RXE nº 12439 de 04.12.2015) Sobre o mesmo consta dilixencia asinada polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal como informado en data 9 de decembro do 2015.

2 Os correspondentes informes dos servizos técnicos municipais e xurídicos sobre o proxecto meritado.

Logo de ver que o prazo de finalización da solicitude do PAS 2015 remata o 18 de decembro do 2015, proponse que o Pleno do Concello ACORDE:

1.- Participar no Plan de acción social (PAS) 2015 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da subvención asignada aos seguintes



investimentos financeiramente sostibles, de acordo co financiamento que se especifica, aprobando os seus proxectos das obras ou pregos das subministracións:

A) Investimentos financeiramente sostibles de carácter social:

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
RENOVACIÓN DE SERVICIOS E PAVIMENTOS NA AVDA. DAS PÍAS (ESTRADA FE-14) FASE 1 (MARXE DEREITA)	339.575,95 €	-	339.575,95 €

2.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o Concello, no seu caso, a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas neste Plan se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Fene, 14 de decembro do 2015
O alcalde-presidente
Juventino José Trigo Rey"

Abre o debate o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que di que fará unha intervención conxunta para os puntos dous, tres e catro.

En primeiro lugar, di que nin sequera o goberno se digna a xustificar a urxencia desta sesión, tan só tiña que dicir que os proxectos teñen que presentarse o 18 na Deputación, pero semella que aquí dase todo por entendido e por iso o partido Popular votou a favor desa urxencia.

Prosegue dicindo que a eles (polo goberno anterior) sempre se lles dixo que se os asuntos se podían levar a un pleno ordinario era ben levalos, pero logo vese que os asuntos se levan a plenos extraordinarios e urxentes. Por iso, quere poñerse no lugar da oposición hai sete ou oito meses cando gobernaba o PP e lles dicían que os proxectos había que consensualos todos, o que era evidente, porque o goberno estaba composto por seis concelleiros.

Engade que hai que sacarlle o pero do consenso á renovación da auga das Pías, mais á rede de sumidoiros da Rañoa, que son proxectos que xa estaban aí e xa consensuados de antes co restos dos grupos, pero o resto dos proxectos destes tres plans preferiuse consensualos coas asociacións de veciños antes de falar cos membros da Corporación.

Parécelle ben que se fale coas asociacións de veciños e que xa sabe que lle van dicir que na Xunta de Voceiros se lle dixo que propuxeran obras, algo que tamén se dicía cando gobernaba o PP, cando a oposición propoñía obras e eles as aceptaban, porque os proxectos dos POS aprobáronse sen ningún problema con abstencións da oposición, pese a ter os proxectos consensuados. Daquela a oposición quería os proxectos con antelación para consualos e poderlle preguntar as dúbidas aos técnicos, quería ver os informes dos técnicos antes de que se convocase a comisión e non valía o día anterior



ao Pleno, porque querían estudar os asuntos para decidir o sentido do voto e que, por suposto, se faga unha comisión extraordinaria antes do pleno, pois non querían ir directamente ao pleno.

Prosegue dicindo que sabe que nalgunhas ocasións houbo que ir directamente ao pleno, como neste caso, porque a urxencia así o esixía, e así foi. Pero resulta aquí que agora se atopan na mesma situación que antes polo que pregunta que xustificación se lle pode dar a isto? Dirán que non houbo posibilidade de ter os proxectos antes, pola urxencia, porque houbo atrancos ou porque os proxectos tardaron. Di que se entende, que pola súa parte se entende.

Todos estes proxectos veñen con informes desfavorables porque faltan as autorizacións, o que non é un problema, pero quere lembrar que cando se tratou o proxecto do campo de fútbol, algún grupo político que hoxe está sentado aquí neste Pleno, dedicouse a colocar carteis do campo de fútbol de Maniños dicindo que os informes técnicos eran desfavorables, que non había autorizacións e demais; rógalles que se lembren daquilo. A diferenza entre eses grupos que estaban na oposición facendo o que facían e eles é que como son proxectos bos para os veciños e favorables aos veciños, o seu grupo vai votar a favor, non van subirlles as cores ao goberno absténdose ou votando en contra, porque o seu sentido e razón de ser é moito máis razoable que todo iso, pero "arrieros somos e no camiño nos encontraremos" e hoxe nos encontramos e non pasa nada, porque sabe que lle dirán que acaban de chegar ao goberno ou que é a primeira vez e pregunta se isto non se vai volver repetir. Di que se é así, perfecto, que polo seu grupo pode pasar, pero témesese que isto vaise repetir en moitas ocasións porque non é o mesmo estar na oposición que estar no goberno e el ben sabe o que é estar detrás de proxectos coma estes, sabe o traballo que dan e o traballo que hai que facer, pero o seu grupo non se vai dedicar a botar pestes contra un goberno e poñer en contra aos veciños por cousas como informes técnicos ou informes da secretaría, consenso de proxectos ou que non se faga unha comisión informativa antes do pleno, cando menos esta primeira vez, o seu grupo vai ser condendente pero está ben lembrar o pasado, é máis, a oposición (durante o seu goberno) non só se abstiña nos proxectos dos plans da Deputación, pese a consensualos, senón que nos últimos anos votou en contra das obras, que eran para os veciños, porque se estaba moi preto das eleccións igual que agora, sen embargo, daquela, pedían máis dilixencia, porque outros concellos aprobaron os plans provinciais antes da convocatoria das eleccións. Di que agora estamos metidos en plenas eleccións e non preto delas.

Prosegue engandindo que fai estas consideracións para que alguén reflexione, porque resulta curioso ver ao longo do concello boletíns coma o do Bloque que se atribúe unha serie de obras que quedaban aprobadas, coma todas as herdanzas que levou este e levarán outros gobernos, pero é irrisorio que se inclúa esta páxina nun boletín botándose flores cando precisamente ese grupo político se abstivo e non votou a favor naquelas obras. Di que con isto vaille sacar un pouco as castañas do lume ao Partido Socialista porque se efectivamente estas obras están aí funcionando serán polo concelleiro de obras, e se é o caso, debían ter sacado un boletín do goberno e non do BNG, atribuíndose unhas obras que nin sequera foron quen de aprobar.

A continuación toma a palabra a concelleira do grupo mixto M^a Carmen Martínez Rodríguez que di que lamentablemente ten que dar a razón ao voceiro do grupo do PP nalgunhas cousas porque cousas que non se lle transixían ao PP agora se fan dende o outro lado, o que é unha decepción. Remata dicindo que ve que dependendo de onde nos sentemos as cousas se fan dunha forma ou outra, cando o que hai que ter é a mesma coherencia.

O voceiro do grupo socialista Antón Lois Noceda Carballo toma a palabra para agradecer o voto favorable do grupo do PP e dicir que hai semanas se fixo un calendario para elaborar estes plans e que non lles gustaba na oposición nin agora non ir nos tempos; será un obxectivo que lamenta que agora non se puidera acadar e responsabilízase de tentar ter os informes con tempo.

Engade que algúns xa son proxectos coñecidos e outros tardaron máis porque este goberno está empeñado nos procesos participativos.

En canto aos informes desfavorables, di que hai semanas cando se desgranaron as propostas das sociedades, el xa informou de que había proxectos que fan precisar permisos. Asume a crítica, pero, en todo caso, non son elementos novos.

En canto ao consenso di non saber como quere o PP que se articule, pero está disposto a facer maiores esforzos, inda que foron consultados en dúas Xuntas de Voceiros.

O voceiro do grupo do PP Gumersindo Pedro Galego Feal contesta que non é o fondo, senón a forma, porque na anterior lexislatura a oposición sempre dicía que primeiro debía propor as obras o goberno porque era o que sabía as verdadeiras necesidades. Considera que cando se falou coas asociacións de veciños debeuse facer unha convocatoria extraordinaria para os concelleiros.



O que máis lle preocupa é que pasaría se eles agora se dedicaran a facer carteis polo concello dicindo que as obras non teñen autorizacións e non se van facer. Dille ao grupo socialista que non vai por eles, senón polos seus compañeiros de goberno, pero que llo pregunta en todo caso porque é o concelleiro de Obras.

Intervén o alcalde para dicir que non é o momento para un debate dese estilo e que, en todo caso, as circunstancias non son as mesmas.

O Sr. Galego Feal di que o que cala outorga.

Sometido o asunto a votación foi aprobado pola unanimidade dos concelleiros.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

1.- Participar no Plan de acción social (PAS) 2015 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da subvención asignada aos seguintes investimentos financeiramente sostibles, de acordo co financiamento que se especifica, aprobando os seus proxectos das obras ou pregos das subministracións:

A) Investimentos financeiramente sostibles de carácter social:

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
RENOVACIÓN DE SERVIZOS E PAVIMENTOS NA AVDA. DAS PÍAS (ESTRADA FE-14) FASE 1 (MARXE DEREITA)	339.575,95 €	-	339.575,95 €

2.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o Concello, no seu caso, a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas neste Plan se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

3. Aprobación, se procede, do expediente POS 2016 da Deputación Provincial da Coruña

Consta no expediente a seguinte Proposta da alcaldía do 15.12.2015, que copiada di:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Logo de ver o expediente tramitado para a solicitude da subvención relativo ao Plan de obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016, no que consta entre outra documentación:

1 Proxecto de obra "SANEAMENTO SUBIDA A LAGARTEIRA – ORRA (ORRA) – RAÑOIA (SILLOBRE)" asinado polo enxeñeiro Julio C. Rojo Martínez de febreiro de 2014. Sobre o mesmo consta dilixencia asinada polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal como informado en data 30 de novembro do 2015.

2 Proxecto de obra "PAVIMENTACIÓNS VARIAS EN BARALLOBRE E MANIÑOS E ALUMEADO PÚBLICO NO ENTORNO DA PISTA POLIDEPORTIVA DE MAGALOFES", asinado polo enxeñeiro de camiños Miguel Nieto Matamoros de decembro de 2015 (RXE nº 12360 de 02.12.2015). Sobre o mesmo consta dilixencia asinada polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal como informado en data 5 de decembro do 2015.

3 Proxecto de obra "PAVIMENTACIÓN DA ESTRADA DE LARAXE DESDE AREOSA (LIMODRE)", asinado polo enxeñeiro de camiños Miguel Nieto Matamoros de decembro de 2015 (RXE nº 12360 de 02.12.2015). Sobre o mesmo consta dilixencia asinada polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal como informado en data 4 de decembro do 2015

4 Proxecto de obra "ACONDICIONAMENTO E MELLORA DA RÚA TRAVESA", asinado polo enxeñeiro de camiños Miguel Nieto Matamoros de decembro de 2015 (RXE nº 12360 de 02.12.2015). Sobre o mesmo consta dilixencia asinada polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal como informado en data 3 de decembro do 2015

5 Os correspondentes informes dos servizos técnicos municipais e xurídicos sobre os proxectos meritados.

Logo de ver que o prazo de finalización da solicitude do POS 2015 remata o 18 de decembro do 2015, propónse que o Pleno do Concello ACORDE:

1.- Aprobar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016 da Deputación provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos investimentos e, no seu caso, ao financiamento dos gastos correntes do exercicio 2016, e de acordo co financiamento que se indica:

Realización de obras e subministracións:

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Presuposto total
Saneamento subida a Lagarteira-Orra-Rañoia (Sillobre)	139926,36 €	-	139926,36 €
Pavimentacións varias en Barallobre e Maniños e alumeado público no entorno da pista polideportiva de Magalofes	42.226,52 €	-	42.226,52 €
Pavimentacións da Estrada de Laraxe desde Areosa (Limodre)	30.035,07 €	-	30.035,07 €
Acondicionamento e mellora da rúa Travesa	36.840,02 €	-	36.840,02 €
SUBTOTAL OBRAS / SUBMINISTRACIÓNS	249.027,97 €	-	249.027,97 €

Aprobar os proxectos das obras que se relacionan nesta táboa.

2.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

4.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

5.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social

6.- Facultar expresamente ao alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Fene, 15 de decembro do 2015
O alcalde-presidente
Juventino José Trigo Rey"

Sometido o asunto a votación foi aprobado pola unanimidade dos concelleiros.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

1.- Aprobar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016 da Deputación provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos investimentos e, no seu caso, ao financiamento dos gastos correntes do exercicio 2016, e de acordo co financiamento que se indica:

Realización de obras e subministracións:

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Presuposto total
Saneamento subida a Lagarteira-Orra-Rañoa (Sillobre)	139926,36 €	-	139926,36 €
Pavimentacións varias en Barallobre e Maniños e alumeado público no entorno da pista polideportiva de Magalofes	42.226,52 €	-	42.226,52 €
Pavimentacións da Estrada de Laraxe desde Areosa (Limodre)	30.035,07 €	-	30.035,07 €
Acondicionamento e mellora da rúa Travesa	36.840,02 €	-	36.840,02 €
SUBTOTAL OBRAS / SUBMINISTRACIÓNS	249.027,97 €	-	249.027,97 €

Aprobar os proxectos das obras que se relacionan nesta táboa.

2.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

4.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

5.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social

6.- Facultar expresamente ao alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

4. Aprobación, se procede, do expediente PAI complementario 2015 da Deputación Provincial da Coruña

Consta no expediente a seguinte Proposta da alcaldía do 14.12.2015, que copiada di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Logo de ver o expediente tramitado para a solicitude da subvención relativa ao Plan complementario ao Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2015 da Deputación Provincial da Coruña, no que consta entre outra documentación:

1. Proxecto de obra “Acondicionamento e mellora da pista polideportiva de Magalofes e adecuación de áreas de xogo infantis en Fene” asinado polo arquitecto técnico, Francisco Javier Rivera Lamigueiro de decembro de 2015 (RXE nº 12689 de 11.12.2015). Sobre o mesmo consta dilixencia asinada polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal como informado en data 12 de decembro do 2015.

2. Os correspondentes informes dos servizos técnicos municipais e xurídicos sobre o proxecto meritado.

Logo de ver que o prazo de finalización da solicitude do ao Plan complementario ao Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2015 remata o 18 de decembro do 2015, propónse que o Pleno do Concello ACORDE:

1.- Aprobar o Plan complementario ao Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2015, cuxas bases modificadas (aprobadas polo Pleno desta deputación o 08/10/2015) se coñecen e aceptan na súa totalidade, no que se recollen as obras e subministracións que o Concello ten previsto realizar e que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións:

Denominación da obra ou subministración	Orzamento
Acondicionamento e mellora da pista polideportiva de Magalofes e adecuación de áreas de xogo infantis en Fene	42.914,20 €
TOTAL	42.914,20 €

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas no Plan Adicional do 2015 se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social

7.- Facultar expresamente á Alcaldía do concello para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Fene, 14 de decembro de 2015

O alcalde

Juventino José Trigo Rey"

Sometido o asunto a votación foi aprobado pola unanimidade dos concelleiros.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

1.- Aprobar o Plan complementario ao Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2015, cuxas bases modificadas (aprobadas polo Pleno desta deputación o 08/10/2015) se coñecen e aceptan na súa totalidade, no que se recollen as obras e subministracións que o Concello ten previsto realizar e que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións:

Denominación da obra ou subministración	Orzamento
Acondicionamento e mellora da pista polideportiva de Magalofes e adecuación de áreas de xogo infantís en Fene	42.914,20 €
TOTAL	42.914,20 €

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas no Plan Adicional do 2015 se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social

7.- Facultar expresamente á Alcaldía do concello para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.



5. Aprobación, se procede, do gasto da xestión do Servizo de bombeos derivado do Convenio de colaboración marco entre os Concellos de Ares, Fene e Mugardos aprobado polo Pleno da Corporación na sesión do 06.09.2012 correspondente ao ano 2015

Consta no expediente a seguinte Proposta da alcaldía do 15.12.2015, que copiada di:

“PROPOSTA DA ALCALDIA

ASUNTO.- APROBACION DO GASTO DO EXERCICIO 2015 DO SERVIZO PÚBLICO DE XESTIÓN DE BOMBEOS Ó ABEIRO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN MARCO ASINADO ENTRE OS CONCELLOS DE ARES, FENE E MUGARDOS APROBADO POLO PLENO DA CORPORACIÓN EN SESIÓN DE 06/09/2012.

Logo de ver que con data de 6 de setembro de 2012 o Pleno da corporación prestou aprobación ó convenio de colaboración marco para a xestión compartida do servizo de bombeos da obra “Actuacións de saneamento a zona norte da ría de Ares e na zona sur da ría de Ferrol” (EDAR).

Considerando que o citado convenio prevé na súa cláusula quinta relativa á Comisión Mixta de Coordinación que: “(...)As súas principais funcións serán:

- (...) Elaborar o orzamento anual do servizo compartido e sometelo a aprobación plenaria dos concellos asociados xunto coa distribución de cargas que xenere o servizo e , proposta da periodicidade para o abono das cantidades á que se refire a cláusula 9ª. (...)”

Considerando que a xestión integral do servizo, ó abeiro deste convenio, encomendouse ó Concello de Ares.

Considerando que o Concello de Ares remitiu con data de 30 de xaneiro de 2014 copia do contrato asinado con data de 30/12/2013 de xestión do servizo público de explotación e mantemento do sistema pertencente á actuación de saneamento da zona norte da ría de Ares e zona sur da ría de Ferrol (conduccións e bombeos) Ares, Fene e Mugardos formalizado entre o Concello de Ares e a empresa Sociedad Anónima de Gestión de Servicios y Conservación, GESECO por un prezo de 433.741,27 €.

Considerando que a prestación do servizo comezou o 1 de xullo de 2014.

Considerando que o Concello de Ares remitiu con data de 9 de decembro notificación da do acordó da Xunta de Goberno Local de 1 de decembro pola que se acordou “(...) dar traslado aos Concellos de Mugardos e FENE dos gastos presentados aos efectos de que abone ao concello de Ares o importe que lles corresponde na proporción que estipula o convenio asinado ao efecto” dando conta das facturas presentadas pola concesionaria do servizo por un importe de 216870,60€.

Considerando que con data de 01.12.2015 a comisión mixta de coordinación prestou aprobación ó orzamento anual do servizo do exercicio 2015 (por importe equivalente ás facturas da empresa GESECO, SA DE GESTIÓN DE SERVICIOS Y CONSERVACIÓN dos meses de xaneiro a decembro) por un importe global de 216870,60 € e acordou a distribución da financiación do servizo do seguinte xeito: 25% para os concellos de Ares e Mugardos e 50% para o Concello de Fene.

Considerando as obrigas asumidas polo noso concello ó abeiro do citado convenio marco, é polo que exposto canto antecede, esta Alcaldía eleva ó Pleno da Corporación a seguinte proposta de acordo:

1º.- Aprobar o orzamento anual do exercicio 2015 , que foi elaborado pola Comisión Mixta con data de 01.12.2015 , do servizo de explotación e mantemento do sistema pertencente á actuación de saneamento da zona norte da ría de Ares e zona sur da ría de Ferrol (conduccións e bombeos) Ares, Fene e Mugardos por un importe de 216870,60 €, correspondéndolle ó Concello de Fene o abono ó Concello de Ares do 50% dos citados gastos no presente exercicio (108435,30 €).

2º.- Notificar o presente acordó ó Concello de Ares e á Intervención municipal.



Fene, a 15.12.2015
O Alcalde
Juventino J. Trigo Rey"

O voceiro do grupo do PP Gumersindo P. Galego Feal remítese ao comentado no punto segundo en canto a formas, convocatoria, inmediatez, esixencia de informes, Comisión de Facenda e que vaia a Pleno como é debido.

Sometido o asunto a votación foi aprobado pola unanimidade dos concelleiros.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

1º.- Aprobar o orzamento anual do exercicio 2015 , que foi elaborado pola Comisión Mixta con data de 01.12.2015, do servizo de explotación e mantemento do sistema pertencente á actuación de saneamento da zona norte da ría de Ares e zona sur da ría de Ferrol (conducións e bombeos) Ares, Fene e Mugardos por un importe de 216870,60 €, correspondéndolle ó Concello de Fene o abono ó Concello de Ares do 50% dos citados gastos no presente exercicio (108435,30 €).

2º.- Notificar o presente acordo ó Concello de Ares e á Intervención municipal.

Finalizado a orde do día o alcalde levanta a sesión ás 09.38 horas, de todo o que como secretaria dou fe.

O alcalde

A secretaria

Juventino José Trigo Rey

Estefanía Manteiga Lamas